

## NORMAS DE USO

### Preámbulo

Inserido nun conxunto de políticas públicas de planificación e desenvolvemento sostible, onde se inclúe o fomento de carrís bici e percorridos para bicicletas, crendo na importancia que isto ten para a calidade de vida da sociedade, preténdese implantar unha rede de mobilidade sostible para o transporte non contaminante de persoas, no traballo ou no lecer, como alternativa válida ou complementaria de desprazamento aos medios de transporte tradicionais.

Deste xeito, considerando:

- As evidentes ganancias para a saúde pública debido ao exercicio físico que promove para os seus usuarios e o consecuente benestar das persoas que o adoptan;
- O xeito en que contribúe a mellorar a mobilidade, liberando espazo público para outras funcións;
- A contribución que fai para a diminución do ruído e, en consecuencia, da polución sonora;
- A redución significativa de gases contaminantes no medio urbano que o sistema implica, reducindo a dependencia fronte aos combustíbeis de orixe fósil e mellorando considerabelmente a calidade do aire que respiramos.

Créase o sistema de bicicletas de uso compartido «*e-bike riominho*», que inclúe o conxunto de equipamentos destinados a permitir o uso temporal de bicicletas de uso compartido dispoñíbeis.

### Artigo 1: Entidade Xestora

- 1.1. O sistema de bicicletas de uso compartido «*e-bike riominho*» está xestionado polo AECT Rio Minho en colaboración cos concellos/municipios das Eurociudades Cerveira–Tomiño, Valença–Tui e Monção–Salvaterra.
- 1.2. O sistema de bicicletas de uso compartido denomínase: «*e-bike rio minho*».
- 1.3. Os contactos do sistema de bicicletas de uso compartidos son:

**AECT RIO MINHO – Entidade xestora**

**Correo electrónico:** [e-bikeriominho@aectriominho.eu](mailto:e-bikeriominho@aectriominho.eu)

**Sitio web:** [www.aectriominho.eu/e-bikeriominho](http://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho)

**Enderezo:** Av. Miguel Dantas, 69. 4930-678 Valença (Portugal).

**Mostradores de atención (hora local):** información xeral/contractualización/activación de tarxeta.

**EUROCIDADE CERVEIRA-TOMIÑO**

- **Posto de Turismo de Vila Nova de Cerveira:** de luns a sábado, de 9:30-13:00 e 14:00-17:30 horas [PT] / Tel. +351 251 70 80 23.
- **Casa do Concello de Tomiño:** de luns a venres, de 8:00-14:00 horas [GL] / Tel. +34 986 622 001.

**EUROCIDADE TUI-VALENÇA**

- **Piscina Municipal de Valença:** de luns a venres, de 9:00-18:00 horas [PT] / sábados, de 9:00-14:00 horas [PT] / Tel. +351 251 809 523.
- **Oficina de Turismo de Tui:** todos os días, de 9:30-14:00 e 16:00-19:00 horas [GL] / Tel. +34 677 418 405.

**EUROCIDADE MONÇÃO-SALVATERRA**

- **Loja Interativa de Turismo (Monção):** todos os días, de 10:00-13:00 e 14:00-18:00 horas [PT] / Tel. +351 251 649 013.  
**Posto de Información Turística da Zona Ribeirinha (Monção):** de luns a venres, de 9:00-13:00 e 14:00-17:00 horas [PT] / Tel. +351 961 146 871.
- **Casa do Concello de Salvaterra do Miño:** de luns a venres, de 9:00-14:00 horas [GL] / Tel. +34 986 658 126 / +34 986 658 082.  
**Museo da Ciencia do Viño (Salvaterra):** venres, sábados, domingos e festivos, de 11:00-14:00 e 17:00-19:00 horas [GL] / Tel. +34 617 148 866.

**Comunicación de avarías:** AECT Río Minho, Tel.: +351 967 124 945 (Portugal) dentro do horario en vigor de funcionamento do sistema.

## Artigo 2: Definicións

No ámbito de aplicación das presentes normas de uso, enténdese por:

- a. Sistema de bicicletas de uso compartido: é o conxunto de equipamentos destinados a permitir a utilización temporal das bicicletas de uso compartido dispoñíbeis nas estacións.
- b. Estacións físicas e/ou virtuais: son os puntos onde os usuarios do sistema poden obter bicicletas para o seu uso temporal, e devolvelas unha vez rematado este uso. As estacións físicas inclúen terminais de acceso integradas en cada punto de amarre e dispoñen de puntos de amarre seguros para as bicicletas; as estacións virtuais dispoñen dun espazo físico delimitado por sinalización que permite a recollida e entrega de bicicletas.
- c. Usuario: calquera persoa rexistrada no servizo «*e-bike rio minho*» (nos mostradores de atención ou a través da App), responsábel para o uso da bicicleta.
- d. Usuario regular: persoa residente nalgún dos 26 concellos do AECT Rio Minho, inscrita e validada polos mostradores de atención.
- e. Usuario puntual: persoa con residencia fóra do territorio do AECT Rio Minho, que unicamente efectuou o rexistro a través da App.
- f. Tarxeta de usuario: tarxeta atribuída aos usuarios regulares rexistrados, que permite aproveitar o sistema de uso compartido de bicicletas.
- g. Bicicletas «*e-bike rio minho*»: as bicicletas que forman parte do sistema de uso compartido e que se atopan dispoñíbeis nas estacións.
- h. Inscripción posterior: rexistro efectuado tras a caducidade dunha tarxeta asignada a través dun rexistro inicial.

## Artigo 3: Estrutura do sistema

- 3.1. O sistema de bicicletas de uso compartido «*e-bike riominho*» está formado por 9 estacións localizadas en:
  - Eurocidade Cerveira-Tomiño: 2 estacións físicas en Vila Nova de Cerveira e 1 estación virtual en Tomiño.

- Eurocidade Tui-Valença: 1 estación virtual en Tui, e 1 estación física e 1 estación virtual en Valença.
- Eurocidade Monção-Salvaterra: 2 estacións físicas en Monção e 1 estación virtual en Salvaterra do Miño.

Nestes lugares o usuario poderá retirar e devolver as bicicletas.

A localización das estacións e a identificación dos perímetros de uso nas Eurocidades anteriormente citadas e do corredor verde do Río Miño están dispoñíbeis na aplicación «*e-bike riominho*», nas propias estacións e en <https://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho>.

- 3.2. O horario de funcionamento do sistema de bicicletas de uso compartido «*e-bike riominho*» está dispoñible na aplicación «*e-bike riominho*», no sitio web [www.aectriominho.eu/e-bikeriominho](http://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho) e tamén nas estacións de amarre, ficando ao criterio do AECT Rio Minho a alteración do servizo por condicións climáticas adversas ou por razóns de carácter técnico que impidan o funcionamento do sistema ou outras debidamente xustificadas.

#### Artigo 4: Usuarios e custos do servizo

- 4.1. Son usuarios do sistema de bicicletas de uso compartido:

- 4.1.1 Os residentes nos concellos de Salvaterra do Miño, Tui, Tomiño, Monção, Valença, e Vila Nova de Cerveira, maiores de 18 anos (ou debidamente autorizados polos titulares rexistrados) que se rexistran automaticamente ou posteriormente para este fin e obteñan tarxeta de usuario.
- 4.1.2 As persoas, maiores de 18 anos, que non posúan residencia nos 6 concellos indicados no punto anterior ou non poidan demostrar esa residencia.
- 4.1.3 Os portadores de tarxeta de identificación das Eurocidades Monção–Salvaterra, Tui–Valença e Cerveira–Tomiño, debidamente rexistrados no sistema «*e-bike riominho*».
- 4.1.4 Organizacións públicas e privadas con sede nos concellos mencionados no punto 4.1.1.
- 4.1.5 Usuarios puntuais diarios, especialmente turistas e visitantes.

4.2. O rexistro inicial necesario para o uso do Sistema de bicicletas de uso compartido realizarase nos mostradores de atención ao público identificados no Artigo 1, sendo obrigatoria a presentación da seguinte documentación ou datos, ou directamente na aplicación «*e-bike riominho*», pero neste caso implica o pago da respectiva fianza.

4.2.1. Residente do concello: DNI, documento de identidade ou tarxeta de residente para persoas físicas, ou copia da certificación comercial da empresa no caso das persoas xurídicas. Datos de contacto (teléfono, correo electrónico). Rexistro e sinatura dunha carta de responsabilidade.

4.2.2. Organizacións públicas ou privadas: sinatura dunha carta de responsabilidade da entidade titular.

4.2.3. Usuario regular residente nos 26 concellos do territorio do AECT Rio Minho: DNI, documento de identidade, tarxeta de residente ou pasaporte. Datos de contacto (teléfono, correo electrónico). Rexistro e sinatura dunha carta de responsabilidade.

4.2.4. Portadores de tarxeta das Eurociudades: sinatura dunha carta de responsabilidade.

4.2.5. Usuarios puntuais: adhesión ao sistema e aceptación dun aviso de responsabilidade na aplicación «*e-bike riominho*» e pago dunha fianza (con tarxeta de crédito) por valor de 150 €.

4.2.6. Os usuarios regulares (referidos nos puntos 4.2.1., 4.2.2., 4.2.3. e 4.2.4.) residentes en Portugal deben e inscribirse nos mostradores de atención dos concellos portugueses (Monção, Valença e Vila Nova de Cerveira), e os usuarios regulares residentes en Galicia nos concellos de Salvaterra do Miño, Tui e Tomiño.

4.3. Tras o rexistro, o AECT Rio Minho habilitará un acceso gratuito por usuario regular a través da App «*e-bike riominho*», podendo este adquirir unha (1) tarxeta física (co valor unitario de 5 €) ou dúas (2) tarxetas máis no caso das organizacións públicas ou privadas (p. ex., tendas e restaurantes) e tres (3) tarxetas máis para os establecementos hoteleiros e sector terciario, tamén co valor unitario de 5 €, sendo gratuito os 6 primeiros meses de entrada de funcionamento do sistema.

Para os usuarios puntuais diarios estará dispoñíbel un acceso gratuito a través da App «*e-bike riominho*», sendo a fianza liberada 72 horas após da devolución da bicicleta conforme ás condicións de uso.

#### 4.3.1. Importes de uso do servizo para usuarios regulares e entidades públicas e privadas:

Gratuito. Non obstante, existe un límite temporal de uso de cada bici/por tarxeta: 3 horas diarias, tendo un tempo mínimo de 15 minutos entre usos o mesmo día, e/ou entrega da bicicleta fóra do horario de apertura do sistema, cun período de tolerancia de 15 minutos. Superado este límite penalizarase automaticamente coa imposibilidade de uso do sistema durante o período de 15 días seguidos por cada 60 minutos de exceso. Pasadas 24 horas sen devolución da bicicleta será automaticamente iniciado un proceso coercitivo de recuperación da mesma.

#### 4.3.2. Importes de uso do servizo para usuarios puntuais e diarios: Gratuito. Non obstante, existe un límite temporal de uso de cada bici/por tarxeta: 3 horas diarias, tendo un tempo mínimo de 15 minutos entre usos o mesmo día, e/ou entrega da bicicleta fóra do horario de apertura do sistema, cun período de tolerancia de 15 minutos. Superado este límite e entregado no mesmo día, o usuario puntual deberá compensar automaticamente o importe de 50 € por cada hora de exceso que será mobilizado da fianza. Pasadas 24 horas sen devolución da bicicleta será automaticamente iniciado un proceso coercitivo de recuperación da mesma.

4.4. O uso do sistema é da total responsabilidade do titular da tarxeta, sendo este responsábel polo cumprimento das normas de uso definidas e por calquera dano resultante do uso das bicicletas.

4.5. O titular é responsábel civil e penal polo uso do equipamento, incluíndo os danos causados a terceiros derivados de accidentes de tráfico.

4.6. Os custos dos danos provocados e a reparación de bicicletas polo uso incorrecto imputaranse ao titular do servizo que, no caso de non liquidación, pode perder o dereito de gozar do servizo de xeito definitivo.

4.7. Para os usuarios puntuais, os custos dos danos producidos e a reparación de bicicletas polo uso incorrecto serán imputados ao usuario do servizo a través da retención da fianza, mais o exceso de custe por riba do valor da fianza no caso de ser verificado.

- 4.8. O AECT só se responsabiliza dos usuarios rexistrados na plataforma «*e-bike riominho*».

### Artigo 5: Tarxeta de usuario

- 5.1. O tarxeta de usuario é persoal e intransferíbel.
- 5.2. Para que teña validez, o usuario deberá solicitar un acceso conforme ás condicións indicadas neste regulamento.
- 5.3. Estarán dispoñíbeis 3 tarxetas que serán distribuídas nos mostradores de atención, co fin de permitir o uso do servizo por parte de cidadáns residentes nos concello e non residentes maiores de 18 anos de idade e que só queiran realizar unha proba e probar o sistema por un curto período (máximo 10 minutos), nun percorrido predefinido e sen necesidade de rexistro para obter a tarxeta (só é necesaria a presentación dun documento de identificación e a sinatura dun aviso de responsabilidade).
- 5.4. O pedido de renovación de uso (revalidación do servizo) efectuarase tras esgotarse as opcións de uso iniciais, concretamente o límite temporal de uso de 12 meses por tarxeta. O residente titular no momento da petición dun novo acceso (revalidación do servizo) só deberá presentar o seu documento de identificación debido a que xa efectuara o rexistro inicial con anterioridade.
- 5.5. Os pagamentos poderán efectuarse nos mostradores de atención identificados anteriormente. Poderán acordarse outros modos de pago mediante contacto co AECT Rio Minho no correo electrónico [e-bikeriominho@aectriominho.eu](mailto:e-bikeriominho@aectriominho.eu) ou vía telefónica.
- 5.6. A tarxeta de usuario é propiedade do AECT Rio Minho e, no caso de perda, roubo ou deterioro desta, o usuario deberá informar inmediatamente aos servizos para proceder á súa anulación.

- 5.7. A substitución dunha nova tarxeta, debido aos casos expostos no punto 5.6., está condicionada ao pago de 5 €.
- 5.8. Os menores de 18 anos poden ser usuarios do sistema, debidamente autorizados polo representante legal e titular rexistrado de acordo co anexo 1.
- 5.9. Queda prohibido reproducir, de calquera xeito, a tarxeta de usuario subministrada no acto do rexistro de uso.

### Artigo 6: Obrigas do usuario

- 6.1. O usuario está obrigado a:
  - a. Antes de retirar a bicicleta das estacións físicas e/ou virtuais, comprobar que se atopa en bo estado de uso e mantemento. Contactar cos servizos do AECT Rio Minho no caso de detectar algunha situación anómala.
  - b. Uso obrigatorio do casco de protección por razóns de seguridade persoal, sendo o usuario o único responsábel do incumprimento desta obrigatoriedade. O AECT Rio Minho non se responsabiliza dos danos persoais provocados por non usar o casco de protección, así como de eventuais infraccións que puideran aplicarse no ámbito das normas legais en España e Portugal.
  - c. Estacionar a bicicleta en zonas axeitadas e seguras durante o período de uso, respectando sempre os códigos de circulación de España e Portugal, e a empregar unicamente vías públicas ou infraestruturas axeitadas.
  - d. Devolver a bicicleta nas estacións físicas ou virtuais ao remate do uso e verificar que está en condicións de amarre seguro. No caso de empregar unha estación virtual o usuario está obrigado a bloquear manualmente empregando o mecanismo presente na parte superior da roda traseira (este peche/bloqueo, cando está na parte superior significa que a bicicleta está desbloqueada, e cando está abaixo significa que a bicicleta está bloqueada; o usuario debe ter en conta que o mecanismo de bloqueo abre automaticamente, con todo, o bloqueo é realizado polo propio usuario, non bloqueando automaticamente a bicicleta) e verificar na App «e-bike riominho» que o



sistema reconece a entrega correcta da bicicleta a través da visualización da mensaxe «Grazas/Thank you» ou doutro xeito de aviso.

- e. Informar canto antes de calquera avaría detectada.
- f. Empregar a bicicleta como transporte de uso estritamente persoal.
- g. Durante o período de uso, circular exclusivamente en vías pavimentadas, respectando sempre as normas definidas polo código de circulación e empregar as vías públicas ou outras infraestruturas axeitadas.
- h. No caso de furto ou roubo da bicicleta, comunicar no prazo máximo de 12 horas o acontecido ao AECT Río Minho, acompañando a comunicación da copia da denuncia presentada nas entidades policiais, baixo pena de quedar inhabilitado para usar o sistema polo período dun ano e de compensar ao AECT Río Minho por un importe mínimo de 750 €.
- i. Comprobar e asegurar que a autonomía enerxética da bicicleta é suficiente para devolvela nunha das estacións. Calquera transporte solicitado polo usuario dunha bicicleta a unha das estacións debido ao gasto total do nivel de enerxía da(s) batería(s) ou calquera outro motivo, non imputábel ao AECT Río Minho, o usuario incorre no pago destes custos, polo menos 50 € para o primeiro usuario e 30 € para o segundo e sucesivos.

## 6.2. Quédalle expresamente prohibido ao usuario:

- a. Estacionar outro vehículo que non sexa a bicicleta do sistema nas respectivas estacións.
- b. Aparcar temporalmente a bicicleta nos estacionamentos ou permanentemente (ata novo desbloqueo) nas estacións. Sempre que a bicicleta estea aparcada nos estacionamentos ficará baixo a responsabilidade do titular e contabilizarase o tempo de uso.
- c. Abandonar sen xustificación a bicicleta, baixo pena de ficar inhabilitado de usar o sistema polo período dun (1) ano e de compensar ao AECT Río Minho polo importe de 750 €.
- d. Transportar pasaxeiros na bicicleta (persoas ou animais).
- e. Usar a bicicleta sen estar nas condicións debidas para o efecto.

- f. Está prohibida a utilización da bicicleta con fins lucrativos, comerciais ou calquera outro tipo de uso profesional.
- g. Está prohibida a utilización da bicicleta en terreos sen as condicións axeitadas para ese efecto, como escaleiras, pendentes, campos de terra, pistas de patinaxe, campos deportivos, entre outros de igual natureza ou tipo.
- h. A desmontaxe e/ou manipulación (incluído o pintado) non autorizado parcial ou total da bicicleta, baixo pena de compensación ao AECT Rio Minho por un importe mínimo de 750 €.
- i. Saír do perímetro de uso do sistema previamente definido no punto 3.1. tendo en conta que no caso de usar o corredor verde do río Miño máis alá dos límites do concello de orixe da estación de recollida da bicicleta, o usuario debe entregar esa bicicleta nas mesmas estacións da Eurocidade de orixe da recollida. No caso de que a entregue en estacións do sistema localizadas nos outros concellos galegos ou portugueses incorre nun custo de 50 € e dun período de suspensión mentres non se liquide esta cantidade.

## POLÍTICA DE PRIVACIDADE E AUTORIZACIÓN DE CONSENTIMENTO

De acordo coas disposicións do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello nº 679/2016, do 27 de abril (RGPD), o usuario –ao proceder ao rexistro no sistema– autoriza e consinte o tratamento dos seus datos persoais para os fins da prestación do servizo de alugueiro do vehículo indicado. Os datos persoais indicados neste documento non serán utilizados para fins de comunicación e/ou márketing, e serán mantidos e accesíbeis polo responsábel do alugueiro só durante o período definido, ata o un novo rexistro ou por indicación do titular dos datos, sendo os soportes físicos e informáticos destruídos tras o final dese período; excepto cando non exista a necesidade de mantelos como elemento de proba, por motivos xudiciais ou contractuais. O titular dá fe que ten máis de 18 anos e a capacidade legal necesaria para a prestación de consentimento inequívoco en relación ao procesamento dos seus datos persoais.

Estas normas e a respectiva Política de Privacidade poderán estar suxeitas a alteracións (con comunicación previa aos titulares con rexistro válido) para acomodar os diferentes tipos de tecnoloxías de xestión do sistema que puideran implantarse nun futuro.

Declaro que lin e acepto:

- A) As normas de uso do sistema «*e-bike riominho*» do AECT Rio Minho e a
- B) **Política de Privacidade e Autorización de Consentimento**

(mostrador de atención) \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

Código cliente: \_\_\_\_\_

## ANEXO 1

### AUTORIZACIÓN DE USO DO SERVIZO e-bike RIO MINHO PARA MENORES DE 18 ANOS

Eu \_\_\_\_\_ (nome completo), residente en \_\_\_\_\_, de nacionalidade \_\_\_\_\_, portador do DNI ou Passaporte nº. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, válido ata \_\_\_\_\_, co número de teléfono \_\_\_\_\_, (representante legal e/ou titor domenor), titular rexistrado do e-bike Rio Minho nº \_\_\_\_\_, **declaro que autorizo ao menor** \_\_\_\_\_ (nome completo), de nacionalidade \_\_\_\_\_, nacido a (data de nacemento) \_\_\_\_\_, titular do DNI ou Passaporte, nº. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, válido ata \_\_\_\_\_, residente en \_\_\_\_\_, **a empregar o sistema e-bike Rio Minho**, co nº de utilizador \_\_\_\_\_.

(Lugar e data) \_\_\_\_\_

Sinatura(s) \_\_\_\_\_

Lugar de atención \_\_\_\_\_